



DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

Copia

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE HEXIDRO XERAL	
18 ABR. 2018	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 6208

En contestación a pregunta formulada na sesión plenaria de data 23 de marzo de 2018, achégolle informe do xefe do Gabinete de Prevención

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 17 de abril de 2018



PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

RAMIRO RODRÍGUEZ SUÁREZ, deputado provincial do Grupo BNG.

Grupo de BNG.- Deputación Provincial de Ourense.

Ourense, 17 de Abril de 2018

ASUNTO: INFORME COMPLEMENTARIO SOBRE ACCIDENTE LABORAL SUFRIDO POLO TRABALLADOR D. PABLO FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ, SOBRE RECLAMACIÓN DE DÉBEDA POLA SEGURIDADE SOCIAL.

PROCEDENCIA: GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.

DESTINO: PRESIDENCIA

Ilmo. Sr. Presidente,

En relación ó accidente laboral sufrido polo traballador D. Pablo Fernández Domínguez o día 23 de Outubro de 2015 podemos informarlle, como complemento ó informe realizado e remitido á esa Presidencia o pasado 5 de Abril e 2018, o seguinte:

1. INICIO DE EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE EMPRESARIAL POLO INSTITUTO NACIONAL DE SEGURIDADE SOCIAL.

Con data 10 de Febreiro de 2016 a Deputación de Ourense recibiu unha comunicación do Instituto Nacional de Seguridade Social informando de que se iniciaba un expediente de responsabilidade empresarial –recargo de prestacións económicas por falta de medidas de seguridade e hixiene no traballo. Toda a documentación e alegación realizadas foron remitidas á inspección de traballo e seguridade social.

2. RESOLUCIÓN DO INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL.

Finalmente a Seguridade Social resolveu impoñer un recargo de prestacións económicas á Deputación de Ourense, por responsabilidade empresarial por falta de seguridade no traballo.

3. EXISTENCIA DE OUTROS CASOS DE RECLAMACIÓNS DE DÉBEDA POLA SEGURIDADE SOCIAL Á DEPUTACIÓN DE OURENSE.

No Servizo de Prevención Propio da Deputación de Ourense non nos consta que se deran outros casos de reclamacións de débedas pola Seguridade Social á Deputación de Ourense por falta de seguridade no traballo. Consultados os servizos xurídicos da Deputación e ó Servizo de Recursos Humanos e nóminas nos informan que non lle constan outras reclamacións de débeda.

O que lle informo ós efectos oportunos.

Atentamente,


O XEFE DO GABINETE DE PREVENCIÓN

Asdo.. Camilo José Rodríguez Rodríguez


ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.